



CES
GALICIA
Consello Económico e Social de Galicia



**XUNTA
DE GALICIA**

Ditame

1/24

DITAME

sobre o

Anteproxecto de lei de estatística de Galicia



APROBADO POLO PLENO O 4 DE MARZO

Todos os documentos do CES poden atoparse en

www.ces-galicia.org

Manuel Martínez Varela, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 4 de marzo de 2024, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidente	Manuel Pérez
Secretario xeral	Manuel Martínez Varela

GRUPO PRIMEIRO

CIG	Miguel Malvido Cabirto Susana Méndez Rodríguez Natividade López Gromaz
CC.OO.	Xesús Castro Baamonde Maica Bouza Seoane
UGT-Galicia	José Carlos Rodríguez del Río Delia Irene Martínez Conde José Luis Fernández Celis Trinidad Campos Rodríguez

GRUPO SEGUNDO

CEG	José Antonio Neira Cortés Jorge Cebreiros Arce David Martínez Alonso Laura Otero Rúa Antonio Fontenla Ramil J. Ignacio López-Bachiller Fernández María Sol Novoa Rodríguez
-----	--

Cristina Rama Molinos
Ana Belén Vázquez Eibes
María Dolores Bello Nine

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Jacobo Feijóo Lamas Alba Torreira Puga
SLG	Ramón Barreiro Carnota Xosé Pérez Rei
Economía social	Mar Pernas Vázquez
Confrarías	José Antonio Pérez Sieira
Consumidores	Miguel López Crespo Rosa Celia Otero Raña
Universidade da Coruña	Ángel S. Fernández Castro
Universidade Santiago C.	Edelmiro López Iglesias
Universidade de Vigo	José Luis Míguez Tabarés

acordou emitir por unanimidade o ditame que literalmente se transcribe de
seguido:

ANTECEDENTES

1.- En data 1 de decembro de 2023 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei de Estatística de Galicia.

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre *“Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”*.

2.- O texto do anteproxecto foi remitido, en data de 1 de decembro, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 1, *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado da Memoria xustificativa e económica-financeira, do Informe xurídico, así como da análise de impacto de xénero e de impacto demográfico, entre outros documentos.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 2/24, de data 5 de febreiro, acordou aprobar a proposta de ditame e remítilla á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 1/24, do 4 de marzo, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o Anteproxecto de Lei de Estatística de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

A exposición de motivos resalta a importancia da estatística pública como “actividade estreitamente vencellada á democracia” así como do sistema estatístico público, que se considera un instrumento que “debe permitir ás persoas con responsabilidades políticas atinar nas súas decisións e á cidadanía exercer plenamente os seus dereitos”.

O anteproxecto obxecto de ditame introduce unha regulamentación máis precisa sobre o segredo estatístico e reforza o papel do Instituto Galego de Estatística como organismo coa capacidade técnica e a cobertura xurídica necesarias para acceder á información administrativa e integrala en bases de datos de finalidade estatística.

Asemade, o anteproxecto incorpora disposicións de adecuación da estatística galega aos cambios normativos que previsiblemente terán lugar nos vindeiros anos.

No que á estrutura do anteproxecto de lei se refire, este consta de trinta e nove artigos agrupados nun título preliminar, catro títulos, seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O Título Preliminar: “Disposicións xerais”, artigos 1 a 5, establece o obxecto e ámbito de aplicación, definicións, os principios xerais e o compromiso coa calidade estatística galega.

O Título I: “Gobernación estatística”, integrado polos artigos 6 a 20, regula o modelo organizativo, composto polo Instituto Galego de Estatística, os órganos estatísticos sectoriais e o Consello Galego de Estatística.

O Título II, “Producción estatística”, consta de dez artigos (21-30) que regulan tanto a planificación da estatística galega como a obtención da información e a difusión e conservación de resultados.

O Título III, artigos 31 e 34, céntrase no “Segredo estatístico”, e o Título IV, no “Réxime sancionador”, artigos 35-39.

Finalmente, o anteproxecto incorpora seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras. A disposición adicional primeira establece o Rexistro de poboación como base estatística e canle para facilitar a comunicación da administración coas persoas residentes.

A segunda vincula estatística e planificación pública, a terceira refírese aos órganos superiores de goberno do Instituto Galego de Estatística e a cuarta ao seu plan anual de actuación, concibido como instrumento complementario e de apoio das responsabilidades que lle correspondan na programación estatística anual.

Nas disposicións adicionais quinta e sexta prevénse o acceso ás bases de datos de persoas xurídicas e a revisión das contías das sancións por infraccións en materia estatística.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES comparte a necesidade de actualizar a normativa reguladora da estatística de Galicia tendo en consideración o tempo transcorrido desde a vixente Lei 9/1988 de 19 de xullo, así como o importante desenvolvemento das tecnoloxías de información e os medios electrónicos e a potencialidade das novas fontes de datos.

2.- O anteproxecto de Lei modifica a posibilidade da contra-prestación económica tanto na elaboración como na difusión das súas estatísticas. Neste senso, o CES entende que coa redacción actual non se xustifica esta modificación.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Exposición de motivos.

Na exposición de motivos figura unha referencia ao Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade. Esta norma foi derogada pola Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (DOG do 11 de decembro) polo que esa referencia tería que ser actualizada.

Por outra parte, entre a lexislación autonómica a considerar, o CES entende que no primeiro parágrafo debería figurar tamén a referencia á LOFAXGA, Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

No seu penúltimo parágrafo a exposición de motivos fai referencia a que o Consello Galego de Estatística foi consultado sobre o anteproxecto. O CES entende que o trámite de consultas require sempre un prazo de alegacións que deben ser tratadas nos órganos correspondentes.

Artigo 3. Definicións.

No concernente á definición sobre actuacións de interese estatístico recollida no apartado 5, o CES considera que debe aclararse en aras a unha mellor comprensión.

Artigo 4. Principios estatísticos.

O apartado b deste artigo fai referencia á “independencia profesional”. O CES considera que esta independencia afecta a todos os ámbitos (preparación, elaboración e difusión), polo que non é necesario acotala á selección de técnicas, definición, metodoloxías e fontes por utilizar, así como ao calendario e á forma e contido da difusión”. Neste senso, propón unha modificación do texto do anteproxecto

“b) Independencia profesional: as estatísticas débense preparar, elaborar e

difundir de xeito independente e sen presión dos grupos políticos ou de interese”.

Na liña do mencionado na consideración xeral 2 deste anteproxecto, o CES considera necesario eliminar no apartado “e) Rendibilidade” a expresión “os custos de elaborar estatísticas han de ser proporcionais á importancia dos resultados e beneficios buscados”.

Asemade, dentro dos principios que establece este artigo considérase convinte referir tamén os seguintes:

- principio de proporcionalidade: criterio de correspondencia entre a contía da información que se solicita e os resultados que se pretenden obter do seu tratamento.
- principio de especialidade: que os datos recollidos para a elaboración de estatísticas se destinen aos fins que xustificaron a súa obtención e sen prexuízo das cesións que poidan realizarse para fins científicos de conformidade coa normativa xeral de protección de datos.

Artigo 14. Funcións.

O primeiro apartado recolle as funcións dos órganos estatísticos sectoriais. Co obxectivo de garantir unha mellor accesibilidade á estatística pública e a súa máxima difusión, o CES considera que a difusión das estatísticas propias dos órganos sectoriais debe realizarse tanto en ditos órganos como estar centralizada no IGE, xa que deste xeito tería dúas vías de acceso.

Neste senso, propónse incorporar un novo apartado que recolla entre as súas funcións a de “Colaborar co Instituto Galego de Estatística na difusión das estatísticas elaboradas polos órganos estatísticos sectoriais”.

Artigo 19. Composición.

A letra e) do primeiro apartado fai referencia á representación da asociación empresarial intersectorial máis representativa de Galicia. O CES aprecia a ne-

cesidade de incrementar o número de representantes da asociación empresarial intersectorial máis representativa (no anteproxecto figuran dúas persoas) para equiparalo ao número de representantes das organizacións sindicais máis representativas (tres).

Esta proposta deriva da aplicación do previsto na Lei 17/2008, de 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia. Organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas no ámbito de Galicia son, para os efectos do que se dispón na lei 17/2008, as que teñan a devandita condición consonte o disposto na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e no Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

De acordo co número 2 do artigo 2 da Lei 17/2008 para a determinación específica do número de representantes destas organizacións nas entidades públicas e organismos públicos de Galicia aplicarase o criterio de paridade entre as representacións sindicais e empresariais. A aplicación da regra da paridade conleva a necesaria elevación do número de representantes (a tres) no caso da organización empresarial máis representativa.

Apartado f) recolle que formarán parte do Consello Galego de Estatística “Tres en representación das organizacións sindicais máis representativas de Galicia”. O CES considera necesario adaptar o texto á normativa de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, introducindo “intersectoriais” ao referirnos as organizacións sindicais, de maneira que o apartado f) quedaría:

“Tres en representación das organizacións sindicais intersectoriais máis representativas de Galicia”.

No concernente ao apartado “g”, no anteproxecto dise literalmente (aludindo ao número de vocais): “Tres en representación do Consello Agrario Galego”. En opinión do CES debe quedar máis definida e con máis claridade a composición do Consello Galego de Estatística, asegurando a participación das Or-

ganizacións agrarias máis representativas, dado que o Consello Agrario Galego é un órgano no que participan tanto a Administración como as Organizacións profesionais agrarias, creando confusión entre a participación doutros órganos da Administración e a participación de axentes sociais.

Na Lei de 1988 outórganselle 3 vocalías directamente ás organizacións agrarias, estando asegurada a presenza de cada unha das Consellerías (tamén a competente en materia de Medio Rural, claro). O feito de concederlle as vocalías ao Consello Agrario – no que participan Administración e axentes sociais – crea confusión e pode furtarlle presenza ás Organizacións agrarias.

Artigo 20. Funcionamento e medios.

O apartado 4 deste artigo recolle que o Consello Galego de Estatística poderá crear grupos de traballo con participación de persoas non pertencentes a el.

En opinión do CES, a redacción proposta neste Anteproxecto dá lugar a pensar que eses grupos de traballo estean integrados, exclusivamente, por persoas de fora do Consello Galego de Estatística, polo que considera máis acertada a redacción da lei anterior, “...grupos de traballo dos que formarán parte os membros do mesmo que se determinen en cada caso e tamén, se se considera de interese, outras persoas alleas ao Consello”.

Asemade, en aras a unha maior operatividade, é preciso a concreción dos supostos para a creación destes grupos de traballo, xa que tal como se recolle no anteproxecto non está claro o procedemento da súa creación. Sobre todo no ámbito da detección de novas estatísticas ante un novo Plan de Estatística, sería aconsellable a creación de grupos de traballo.

Artigo 28. Difusión.

A exposición de motivos recolle no seu primeiro parágrafo que a “estatística pública é unha actividade estreitamente vencellada á democracia. Non se trata só de gobernar cun sólido soporte informativo, senón de que este se xere de

acordo con padróns científicos e se transmita con obxectividade e de xeito imparcial”.

O CES considera fundamental a labor do IGE non só como difusor da estatística galega e garante dos principios e criterios de calidade contemplados no anteproxecto, senón tamén como depositario dos resultados estatísticos. Asemade, entende que toda a estatística galega que forma parte da organización estatística deberá ser difundida polo IGE para garantir a súa accesibilidade. Neste senso, propónse unha nova redacción do apartado 2 deste artigo que recolla estes aspectos:

2. Os resultados das estatísticas difundiranse principalmente por medios electrónicos, polo Instituto Galego de Estatística e polo organismo responsable da súa elaboración e de acordo cos principios e criterios de calidade contemplados nesta lei, en particular, coa salvagarda do segredo estatístico e a garantía de igualdade de acceso. O Instituto Galego de Estatística será depositario destes resultados para a súa recompilación, almacenamento e difusión”.

O apartado 10 do artigo reflicte a obrigatoriedade de que as webs da Presidencia da Xunta de Galicia, das vicepresidencias, das consellerías e dos órganos dependentes dispoñan dun apartado específico de estatística que recolla os resultados das actuacións dentro dos seus programas anuais. Ante a dificultade de acceso e a dispersión da información, e en aras a unha maior accesibilidade, o CES considera necesario agrupar a información un só punto de acceso en cada unha das webs, e que todos teñan un formato e ubicación homoxéneo.

Título IV. Réxime sancionador

Artigo 36. Clasificación

O artigo 36.2 do Anteproxecto que se está a ditaminar, nos seus apartados c) e d) recolle unha conduta infractora de carácter xenérico como é a “Incorrección” no trato do persoal ou co persoal estatístico.

En opinión do CES, ao tratarse da definición dunha conduta con elementos de apreciación subxectiva, esta redacción supón unha inseguridade xurídica. O CES considera que o tipo de condutas sancionables deben estar definidas como situacións ou accións concretas para que os expedientes sancionadores estean baseados en elementos obxectivos.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

En opinión do CES é necesario facer unha revisión ortográfica do texto do Anteproxecto. Entre outros, pódense mencionar os seguintes erros:

- No artigo 3.19 cómpre eliminar a última coma da redacción “... mediante estatísticos derivados da información...”.
- No artigo 5.1.d) apréciase a falta do “n” no xenitivo “garantindo”.
- A letra k non forma parte do alfabeto galego (artigos 9 e 19).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Vº e P.
O PRESIDENTE
Manuel Pérez Álvarez

O SECRETARIO XERAL
Manuel Martínez Varela

